

RESUMO DA REUNIÓN COA XT 31 de OUTUBRO 2018 ás 12:30.

1.-Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.

Apróbase.

2.-Estado das obras dos Centros Educativos de titularidade pública da provincia de Ourense que dependen da Xefatura Territorial.

Non hai incidencias reseñables. O cambio de lei implicou certos cambios nas licitacións e nos pregos polo que se sufriron pequenos retrasos, pero sen grandes problemas.

ANPE, demanda que o Plan de Renovación de Instalacións por adaptación á normativa sobre Eficiencia Enerxética se faga con máis dotación de presupostos, porque dous centros ao ano non son suficientes polas peculiaridades da nosa provincia. A Xefatura Territorial informa que é un plan dende Servizos Centrais e que se colleron dous centros: CIFP Portovello e CPI Terras de Maside que representaban dúas tipoloxías das máis comúns na provincia (mediante un estudo previo que concluiu que había 16 centros similares a estes) para que o curso que vén se poidan implementar maior número de centros. Hai outros centros que debido que as intervencións necesarias serán menores ou moi específicas terán que facerse dende a provincia de Ourense.

3.-Situación do Comité de Saúde Laboral da provincia de Ourense.

A persoa responsable pide disculpas porque están tendo un final de ano un pouco apurado polos cambios na normativas (licitación de obras, cafeterías...) pero comprométese a convocar unha reunión para xaneiro.

4.-Previsión de vacantes do concurso xeral de traslados.

Documento adxunto.

5.-Cumprimento de ratio nos centros educativos de titularidade pública que depentes desta Delegación.

A XT informa de Vila de Barrio: EI 9, agrupamento 1º, 2º e 3º de Primaria 17 e 4º, 5º e 6º de Primaria 16.

O STEG Pide información sobre a situación en Allariz o Xefe de Inspección di que na actualidade a pesar de que hai matriculación de 51 nenos e nenas en E. Infantil pero só hai 49 que estean acudindo ao centro co que non se están a incumprir as ratios ao ser ensinanzas non obrigatorias.

6.-Problemática do transporte escolar en varios centros educativos, nomeadamente no CPI Xosé García García.

As OOSS demandamos como xa viñemos facendo en cursos anteriores que o transporte non pode condicionar a xornada escolar, hai casos como Cea, A Peroxa, Cualedro, Seixalbo que son un clamor da comunidade escolar. A XT di que teñen a mesma opinión e que están a loitar por iso, que van facendo o que poden e que no 2020 rematan os contratos de transporte e que esperan que para aquela cambien máis cousas. Así mesmo a XT di que as dobraxes son legais e que polo tanto existen e que están a facer o que poden coa normativa que teñen que cumprir.

O STEG di que é magoa cando dende a XT se argumenta sobre todo con criterios economicistas e non pedagóxicos.

O STEG denuncia o caso sangrante de **A Peroxa** que está a demandar un horario máis axeitado, e que pode ser a razón de que este centro non medre máis das dúas unidades que teñen xa que o horario do cole de Cambeo é máis axeitado e teñen transporte escolar ata o outro centro máis lonxano. Cando o STEG demanda unha maior defensa da escola rural específica de Ourense por parte da XT o di por exemplos como este. A XT territorial advirte que se se cambia ao mellor hai máis protestas que agora. O STEG indica que a labor da XT debe ser promover o mellor para a escola pública da provincia.

Cualedro: a XT informa que as dúas rutas de transporte son de infraestruturas. Que cando se pediu un informe para o plan de mobilidade a XT informou de xeito favorable pero que cando se creou a Comisión Mixta de Infraestrutura se puxeran pegas dende esta comisión. Se lles explicou a ANPA a situación e se lle demandou á Consellería que se tivese en conta a situación de Cualedro. A XT informa que se lle van a reformar os baños a este centro.

Caso do **CPI José García** no que transporte do centro por unha demanda de CCOO non pode pasar pola ponte cercana ao colexio porque un sinal lle impide o paso aos vehículos de grande tonelaxe. Dende a XT territorial di que teñen que cumprir a normativa debido a esa denuncia, aínda que o perigo real sexa escaso. ANPE di que lle gustaría que constanse en acta o malestar do centro por ista situación e demanda que se pida un informe da carga que pode soportar dita ponte e piden vehementemente de que se volva a situación anterior.

7.-Situación do ensino no medio rural na provincia de Ourense: peche de centros, eliminación de ciclos, servizos complementarios,etc.

Non se prevén peches a día de hoxe aínda que é cedo para dar unha resposta definitiva.

8.-Externalización do servizo de comedor nos centros educativos.

Anteriormente nos centros de Secundaria era as direccións as que facían as pregos de condicións para as concesións das **cafeterías** por contratación directa pero a nova normativa estatal inclúe tamén ao "contrato menor de servizo" (nos que sen inclúen estas concesións) e houbo que sacalas a concurso público para que se presenten as persoas interesadas (tanto físicas como xurídicas). Isto provocou atrasos e que incluso varias concesións quedaran desertas.

O STEG protesta porque se está a obviar a función educativa do persoal das cafeterías dos centros e o aporte fundamental que fan para a convivencia dos centros. Así, este curso, prescínlese do criterio dos centros no proceso de adxudicación e na formulación do prego de condicións, que ocasionará o empobrecemento do comercio da contorna, pasando a xestión das mesmas a mans dos grandes grupos de hostalaría. XT: reposta que hai condicións que estas adxudicatarias teñen que cumprir respecto a alimentación saudable pero que é unha lei estatal e que dende a XT pouco poden facer.

Respecto aos **comedores** di que está habendo axustes para que as empresas cumpran do mellor xeito posible que de feito hai unha empresa (GESCOR) á que se lle quitou todas as concesións que tiña na comunidade autónoma pola xestión denunciada (polo STEG). O STEG denuncia que esta xestión dos comedores está a deslocalar o gasto que coa xestión directa se facía do produto de proximidade a XT di que iso non é demostrable.

A CIG quere dar chamar a atención sobre un caso dun neno que non puido acudir ao comedor. A XT informa que é unha cuestión administrativa porque non pode acudir ata que non haxa ampliación de contrato. A situación está solucionada e que un neno de entre 8600 é un número non demasiado alto de incidencias.

A petición da CIG tratáse o tema dun escrito presentado a esta XT polo tema das ausencias reiteradas por temas de saúde do Cociñeiro do CEIP Augusto Assía da Mezquita, a CIG pide que se substitúa a esta persoa se fose necesario. Raquel informa que non ten constancia de dita información e se compromete a estudar a problemática e a informarnos unha vez que teñan todos os datos

9.-Rogos e preguntas.

A CIG di que o profesorado de FP Básica de A Farixa de Electricidade e Electrónica están moi preocupado porque teñen un grupo moi conflictivo: Solicitan un profesor/a de reforzo porque pode derivar nun problema moi grave. A Inspección di que é complicado que poidan acceder a tal petición.

CCOO di que en Sandiás existe un alumno problemático que recciona de xieto violento co profesorado e or resto de alumnado. A Xefatura de Inspección resposta que a primeira medida é acudir ao DO do centro e que se informará coa inspección do problema concreto.